



SUE CAMAÑO

# As feridas dun amor efémero

XLVIII PREMIO  
DO CERTAME LITERARIO  
DO CONCELLO DE VILALBA

EDITARIA  
**alvarellos**

**E**scoller a incqomprensión das túas verbas,  
entre todas as opcións posíbeis,  
**E** é un ferro que se crava  
no meu ánimo,  
que non atopa consolo.

Sobrevivir a unha realidade,  
na que todo se traduce en lembranzas dun soño irreal,  
faise insopportábel,  
inauditó.

Tinguir o ceo de padecemento  
por agardar unha resposta que non esperta

é, agora, un punto equidistante entre a melancolia  
e a aritmética.

Malvivir dunha imaxinación que me regalaches ou  
mergullarse nunha atmosfera de coitelos incomprendidos,  
de espiñas desordenadas,  
onde odo son sensacións dun tempo compartido  
que xa marchou,  
que non ha de tornar.

Suplicar para que recapacites  
e recordes a miña alma partida,  
para retomar unha amizade de lume e sarabia, xa non é  
un consolo.

Atopar a lóxica indescritible  
dunha unión que foi máis que histeria ou inmensidade,  
que foi a suposición dun pracer íntegro,  
que me embebedou ata o intelecto,  
que me bateu a gorxa ata enlouquecer.

Sobrevivir coa inexplicable certeza  
de que xa nunca máis te volverei ver,  
de que xa nunca máis irradiarei o halo  
dunha fe incommovible, irreal  
que me impedía, coma Venus,  
tocar c chan dos inmortais,

pousar o corpo nos límites da idéntica banalización.

Eu, coma ela, gozaba da inestimable ferramenta  
que ilumina o carácter imperturbable  
dos que somos inmortais,  
por estarmos enfeitizados do amor más solemne.

Eu, coma ela, tollei por un discurso ilóxico  
que soaba a himno agridoce e a grosella,  
que estrelecía na herba e nas pingas de tenrura  
e que agora tornouse escaseza,  
delirio infrutuoso ou impresión crecente.

Cantas noites compartidas ficarán no esquecemento  
das últimas miradas que nos dedicamos!